

Proxecto D'HABITAT de DIFUSIÓN DO DEREITO AO HÁBITAT

e as súas dimensións transversais na comunidade educativa.

A Coruña, Galicia. 2014-2015



Este proxecto xorde para dar continuidade ao traballo realizado á primeira edición do proxecto d'Habitat.

A proposta ten como obxectivo sensibilizar e formar sobre o dereito ao hábitat na ensinanza secundaria e universitaria de Galicia. Búscase visibilizar a diversidade de realidades e problemáticas en torno ao hábitat e as súas dimensións transversais en contextos globais e locais.

Trátase tamén de introducir na Universidade da Coruña os contidos técnicos que, a través de diversos recursos académicos, doten de ferramentas básicas aos futuros profesionais do hábitat desde un enfoque social.

Ao longo de trece meses entre os anos 2014 e 2015 leváronse a cabo numerosas actividades.

- **2ª edición do curso en liña Hábitat a Escala Humana**, introducindo nesta edición un módulo sobre a visión antropolóxica do hábitat e un módulo específico de xénero.

- **3ª edición do seminario Hábitat a Escala Humana**, abordando ao longo de tres sesións a perspectiva de xénero no hábitat.

- **Encontro académico** entre profesorado de distintas universidades para debater sobre o enfoque social na ensinanza de arquitectura.

- Celebración da **semana do Hábitat 2015**.

- Elaboración dunha **páxina web de recursos educativos** para profesorado de secundaria.

- Explicación da **unidade didáctica Dereito ao Hábitat** ao profesorado de secundaria do Proxecto Terra

- **Charlas de sensibilización** sobre a importancia de reciclar aceite doméstico en centros educativos da contorna da Coruña apoiando ao proxecto de autoemprego de Mulleres Colleiteiras.

Nome do proxecto:

Proxecto de difusión do dereito ao hábitat e as súas dimensións transversais a través da sensibilización e a educación non formal na comunidade educativa.

Lugar: A Coruña, Galicia.

Data de execución: 2014-2015

Financiador: Xunta de Galicia.

Orzamento: 56.611,77 €

Demarcación responsable:

Arquitectura Sin Fronteras, Galicia.

Colaboradores: Universidade da Coruña,

Proxecto Terra.

